

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 26 DE ABRIL DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vinteseis de Abril de mil novecentos noventa e tres; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso, Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Está presente tamén o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno presta aprobación unánime ó borrador da Acta da sesión anterior que foi a celebrada o día 19 de Abril corrente.

2.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o expediente que se tramita a instancia de Don Xoán Villar González, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Xeneral Mola, 4, hoxe San Francisco, sobre a súa pretensión de facer un cerramento nun inmovible da súa propiedade sito na rúa Vendaval; e coñecido o informe da Secretaría no que se establece que, segundo a opinión do funcionario, a teor dos antecedentes que se atopan no Concello, o terreo que se pretende pechar é da propiedade do Sr. Villar González, sen prexuízo doutros criterios legais máis completos e axeitados no seu caso, a Comisión de Goberno coida que se trata dun tema de moita complexidade e que require unha análise xurídica en profundidade; e, na súa consecuencia, acorda que pase o expediente a dictame xurídico de Letrado para que, dentro da maior brevidade posible, se emita un informe de carácter xurídico amplo e definitivo para que poida servir de base sobre acada-lo acordo correspondente.

Visto o escrito de Dona Teresa Caamaño Brenlla, veciña de Santa Cristina, no que prega se lle informe do réxime urbanístico aplicable a un terreo da súa propiedade, sito no devandito lugar, a Comisión de Goberno por unanimidade, presta aprobación ó informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, que di o seguinte: a finca encadra na zona de solo en núcleos rurais, Ordenanza 4.11; o uso admitido é o de vivenda unifamiliar illada; retranqueo frontal cun mínimo de 5 metros; retranqueos restantes a 3 metros; parcela mínima para uso de vivenda, ordenación aberta 300 m²; en canto ás condicións de edificación, de carácter aberto, 0,50 m²/m², sen sobrepassa-la superficie edificada o 50% da parcela; aportará o correspondente proxecto técnico axustado á Ordenanza 4.11, normas concordantes e realidade particular da parcela.

Visto o escrito de Don Fernando Pumar Vázquez, veciño de Carballeda de Avia, presentado o día 23 de Abril corrente, sobre alegacións ó acordo desta Comisión, do día 19 de Abril, relacionado coa súa pretensión da instalación de "Salón de máquinas recreativas", no inmovible sito na rúa Yáñez, 1, baixo, de Ribadavia, a Comisión de Goberno por unanimidade acorda que polo Sr. Aparellador Municipal se amplie o seu informe constante no expediente sobre as alegacións a que se fixo referencia, e mesmo que se complete unha notificación persoal ós veciños afectados por esta instalación, que non se pode limitar ós veciños que se atopan no mesmo inmovible, senón ós da mesma calle próximos á instalación; cumprido que sexa todo isto, pásase de novo o expediente para cumpri-lo trámite de información denantes de ser remitido á Comisión Provincial de Medio Ambiente.

Visto o escrito de Don José Fernández Meiriño, veciño de San Cristovo, que fai referencia a unha licenza que se lle concedeu oportunamente para a construción dun pendello de uso agrícola, alegando agora que non levou a cabo esta obra por diversas razóns e dun xeito especial porque o terreo está afectado pola instalación do polígono industrial no devandito lugar, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acepta a súa petición de deixar sen efecto a licenza de que se trata e anulando, por conseguinte, a taxa municipal imposta no seu día.

Visto o expediente que se tramita a instancia de particulares sobre información urbanística aplicable a fincas sitas na paraxe

Maquiás, a Comisión Municipal de Goberno á vista de tódolos antecedentes que se achan no expediente acorda reitara-lo contido do escrito nº 1796, do 25 de Agosto de 1992, remitido á Comisión Provincial de Urbanismo, para que faga pronunciamento sobre unha documentación presentada por Don Xosé Luís Estévez Coruxo e outros señores veciños desta Vila, que fai referencia a un Estudio de Detalle rexeitado pola devandita Comisión sobre terreo comprendido entre a estrada do Carballiño e o Camiño de Maquiás, nesta Vila.

3.- ESCRITOS OFICIAIS.

Fica enterada a Comisión dos seguintes escritos oficiais:

Da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que contén normas que deben ser tidas en conta cando se remitan expedientes administrativos ó devandito Tribunal.

Da Xefatura Provincial de Protección Civil, sobre datos informativos de carácter telefónico, acordando a Comisión que se dea conta dos mesmos tamén á Policía Local.

En relación cun escrito da Xefatura Provincial de Tráfico sobre unha proba ciclista, que terá lugar nesta Vila o día 8 de Maio vindeiro, a Comisión Municipal de Goberno acorda comunicar que non hai inconveniente para a celebración da mesma, tendo en conta ademais que se trata dunha proba deportiva organizada precisamente polo Concello.

Escrito acreditativo da presentación na Delegación Provincial da Consellería de Traballo e Servicios Sociais de solicitudes dos seguintes cursiños: corte e confección; albanelería; enoloxía; protección civil; xardinería e pintura e decoración.

Partes quincenais de cloración de augas do abastecemento de consumo público.

Orde do 2 de Abril de 1993, da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, pola que se establecen axudas a entidades que colaboren na tramitación de certas axudas comunitarias.

Visto o informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, de data 21 de Abril corrente, sobre o estado en que se atopa o inmovible nº 17, na Porta Nova de Arriba desta Vila, no que, coma

conclusión, coida o técnico municipal que coa máxima urxencia procederá a levar a cabo obras de conservación e mantemento, a Comisión de Goberno acorda que se notifique ós propietarios dos inmobles de referencia o contido do informe do Sr. Aparellador Municipal, que forma parte integrante deste acordo, ós efectos de que, nun prazo de oito días, se leve a cabo a realización das obras, coa advertencia de que, noutro caso, será a Administración Municipal a que o execute, pero pasando a correspondente nota de custos ós propietarios.

4.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Non se trataron.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.

E sendo as nove e quince minutos da noite o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.